



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE ABRIL DE 2014

LICENZAS

LIC/354/2013.- A CASA DO RESTOLLAL CB.- Conceder a modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno Local do 26.09.2011 para construción dun edificio na parcela en Trav.Restollal.

LIC/386/2013.- ISABEL M^a ABUIN MENDEZ.- Conceder a licenza para rehabilitación dun inmovible na Rúa Bonaval, 12.

LIC/1061/2013.- LUIS JOSE CODESIDO LATA.- Conceder a licenza para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Cruceiro de Sar, 74.

PRÓRROGA

LIC/177/2014.- JOSÉ MANUEL NOYA ADAN – Conceder prórroga da licenza de obras outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 01/02/2011 para construción de dúas vivendas unifamiliares en Lg. Pedrido.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/315/2014.- JOSÉ LUIS NOYA CEREIJO LIC/178/2011
..... 1.500 €.

LIC/326/2014.- ARROKABE ARQUITECTOS, S.L. LIC/656/2007
..... 2.000 €.

4.- Recepción de obras.

Unha vez executadas as obras procedeuse á recepción da obra de acondicionamento de 100 km de gabias en estradas das zonas rurais do Concello.

5.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á solicitude ao SERGAS de addenda ao documento de concesión demanial a favor do Concello das dependencias deportivas de Conxo.

O 12 de novembro asinou este convenio entre o SERGAS e o Concello. Feita unha revisión dos datos decidiuse que sería convinte para levar a cabo as actuacións de mellora neste campo que a mencionada cesión incorporara unha franxa máis de terreo que permitirá incorporar á cesión a parte do terreo onde se ubican as torretas de iluminación do campo, o que permitirá ter un acceso directo a estes espazos para as tarefas de mantemento. Con esta ampliación o total da superficie vinculada a uso deportivo será de 24.121m² o que supón 586 m² máis dos iniciais.

39.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria do XIX Certame de Teatro Intercentros.

A proposta da Concelleira de Educación a XGL aprobou a Memoria do XIX Certame de Teatro Intercentros que está incluído dentro do Programa de Teatro que promove o Departamento de Educación do Concello e que pretende dar continuidade ás actividades que se veñen desenvolvendo con gran éxito de participación e resultados moi positivos.

O longo do mes de abril interprétanse todas as obras no Salón de Actos dos Institutos Rosalía de Castro, Xelmírez I e na Escola de Maxisterio. Froito do resultado das votacións dos asistentes son elixidos dous grupos (primaria e secundaria) que farán a súa interpretación no Teatro Principal os días 12 de maio para a obra gañadora de secundaria e o 26 de maio para a de primaria nunhas funcións que serán abertas ao público.

O orzamento deste Certame é de 4.340 €.

40.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á aprobación da realización da exposición fotográfica do VI Certame "Músicaxove".

Proposta da Concelleira de Xuventude para a realización do VI Certame Músicaxove. Ademais, como actividade de promoción para os grupos participantes, levarase a cabo unha exposición fotográfica na que se recollerán diferentes momentos das actuacións dos catro grupos finalistas da edición. Serán 25 fotografías realizadas polo fotógrafo Andrés Fraga e terá lugar no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche dende o 8 ao 30 de abril. Con este motivo o mércores 9 de abril inaugúrase desta exposición ás 19 horas.

O custo desta acción é de 1.903,33 €

41.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Escola Superior "Mestre Mateo" para a instalación de esculturas dos alumnos no parque de Belvís.

A XGL aprobou este convenio co que os alumnos deste centro de estudos poderán realizar pezas escultóricas pensadas para ser expostas en público. Neste caso, o lugar será o Centro de Interpretación de parques de Compostela ubicado no parque de Belvís. As mellores pezas serán elixidas para que queden de forma permanente neste Parque.

42.- Dar conta da resolución do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico relativa á modificación das normas de actividades artísticas.

Deuse conta á XGL a proposta do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade das modificacións nos prazos para a tramitación das solicitudes para estas actividades quedando como segue:

Datas para o primeiro trimestre (xaneiro, febreiro e marzo):

Finalización prazo presentación instancias: 3 de decembro ou día hábil seguinte.

Exposición lista admitidas e adxudicación provisional: 23 de decembro.

Exposición adxudicacións definitivas: 29 de decembro.

Datas para o segundo trimestre (abril, maio e xuño):

Finalización prazo presentación instancias: 3 de marzo ou día hábil seguinte.

Exposición lista admitidas e adxudicación provisional: 23 de marzo.

Exposición adxudicacións definitivas: 29 de marzo.

Datas para o terceiro trimestre (xullo, agosto e setembro):

Finalización prazo presentación instancias: 3 de xuño ou día hábil seguinte.

Exposición lista admitidas e adxudicación provisional: 23 de xuño.

Exposición adxudicacións definitivas: 29 de xuño.

Datas para o cuarto trimestre (outubro, novembro e decembro):

Finalización prazo presentación instancias: 3 de setembro ou día hábil seguinte.

Exposición lista admitidas e adxudicación provisional: 23 de setembro.

Exposición adxudicacións definitivas: 29 de setembro.

A listaxe definitiva non se publicará nos supostos en que non se modifique a adxudicación provisoria.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación das obras de mellora da mobilidades e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Fase I (ámbito zonas I e II) incluídas no Programa Urbana Santiago Norte.

A XGL aprobou a adxudicación deste contrato á empresa Ponciano Nieto S.L. por ser a máis vantaxosa das presentadas por un importe de 1.240.384,58 € IVA incluído.

Esta obra tiña un tipo de licitación de 1.508.800,11 € polo que hai unha diferenza con respecto do precio de adxudicación de 268.415,53 €.

O prazo de execución é de 10 meses. A este procedemento presentáronse 12 empresas.

2.-Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación das obras de reurbanización da rúa Caramoniña-ámbito da rúa Travesa de Escultor Asorey e 2º tramo de escultor Asorey, incluídas no FEDER.

A XGL aprobou a adxudicación deste contrato á empresa CYS HISPANIA S.L. por ser a máis vantaxosa das presentadas por un importe de 130.028,16 € IVA incluído.

Esta obra tiña un tipo de licitación de 220.000,62 € polo que hai unha diferenza con respecto do precio de adxudicación de 89.972,46 €.

O prazo de execución é de 4 mese e medio. A este procedemento presentáronse 29 empresas.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación das obras incluídas no proxecto de corredor verde Bonaval-Almáciga (Fase II: Vía Verde) encadrado na área temática nº 4 Medio Ambiente Urbano e redución e tratamento de residuos, proxecto Urbana Santiago Norte

A XGL aprobou a adxudicación deste contrato á empresa OVIGA S.L. por ser a máis vantaxosa das presentadas por un importe de 143.120,00 € IVA incluído.

Esta obra tiña un tipo de licitación de 184.212,14 € polo que hai unha diferenza con respecto do prezo de adxudicación de 41.092,14 €.

O prazo de execución é de 6 meses. A este procedemento presentáronse 27 empresas.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativo á adxudicación das obras incluídas no proxecto de acceso ás zonas altas da Almáciga. Ambito das rúas Basquiños-Pastoriza, incluídas no FEDER. Urbana Santiago.

A XGL aprobou a adxudicación deste contrato á empresa ALCOMTE GALICIA S.L. por ser a máis vantaxosa das presentadas por un importe de 384.780,00 € IVA incluído.

Esta obra tiña un tipo de licitación de 550.821,80 € polo que hai unha diferenza con respecto do prezo de adxudicación de 166.041,18 €.

O prazo de execución é de 6 meses. A este procedemento presentáronse 30 empresas.

5.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á aprobación do expediente de subscripción de de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos por responsabilidade civil patrimonial e risco colectivo de accidentes do Concello de Santiago.

A proposta da Concelleira de Réxime Interior a XGL aprobou o expediente para o inicio da contratación de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos de responsabilidades civil-patrimonial e tamén de risco colectivo de accidentes do Concello de Santiago de Compostela.

O orzamento para estas contratacións son os seguintes:

Ano 2014:	Para responsabilidade civil patrimonial: 51.750 €.
	Para seguro de accidentes: 25.875 €.
Ano 2015:	Para responsabilidade civil patrimonial: 25.875 €.
	Para seguro de accidentes: 6.525 €.

6.- Corrección de erro na sesión de 13 de marzo de 2014.

A indemnización por rescate de Casetas é de 6.000 € posto que se aprobaron cinco o documento contable ten que ter retida esa cantidade, por un erro púxose 12.000 € e tería que poñer 30.000 €, polo que se emitiu outro RC por 18.000 € para completar os 30.000 €.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á prórroga do convenio de asociación entre o Concello e a mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social asinado con FREMAP . (Con efectos de 1 de maio de este ano).

A proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior a XGL aprobou á prórroga do convenio de asociación entre o Concello e a mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social asinado con FREMAP con efectos de 1 de maio de 2014 para dar cobertura ás prestacións por continxencias profesionais derivadas dos accidentes de traballo e das enfermidade profesionais, así como a xestión das prestacións económicas derivadas da incapacidade temporal por continxencias comúns. Non se procederá á revisión do IPC tal e como se estableceu no prego de cláusulas administrativas deste contrato.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación das obras de reurbanización da rúa Caramoniña e do espazo libre do equipamento ASD-26, cofinanciado polo FEDER.

A XGL aprobou a adxudicación deste contrato á empresa COPCISA S.A. por ser a máis vantaxosa das presentadas por un importe de 258.419,66 € IVA incluído.

Esta obra tiña un tipo de licitación de 330.756,00 € polo que hai unha diferenza con respecto do prezo de adxudicación de 72.336,34 €.

O prazo de execución é de 5 meses. A este procedemento presentáronse 29 empresas.

9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do xurado do VII Premio internacional “Compostela para álbums ilustrados”.

A proposta da Concelleira de Educación a XGL aprobou o xurado do VII Premio internacional “Compostela para álbums ilustrados”. Estará formado polo Alcalde como Presidente, e por delegación a Concelleira de Educación e, como vogais, D. Joao Vaz de Carvalho, ilustrador de álbums infantís; Dña. Fina Casalderrey Fraga, escritora e directora de pezas tetarais e autora

de diversas obras sobre a cultura galega; Dña. Ángeles Abelleira Bardanca, mestra de ecuación infantil e Dña. Manuela Rodríguez como representante de Kalandraka Editora e D. Xosé Manuel Rodríguez-Abella Gómez en representación do Concello de Santiago, Xefe do Departamento de Ecuación.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto básico e de execución de mellora da seguridade viaria na rúa Cañoteira.

A proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o proxecto básico e de execución de mellora da seguridade viaria na rúa Cañoteira. Este proxecto consistirá na substitución da rede de abastecemento de auga potable existente formada por tubería de fibrocemento por un máis moderna de politileno vista a precariedade da rede actual. Tamén se incorporarán máis pozos de rexistro para a recollida de pluviais así como construción de andéns elevados, rebaixes nos andéns e, tamén, a construción de 3 pasos de peóns.

Esta actuación tetá un custe de execución de 192.534,69 €, IVA incluído.

O prazo de execución é de 30 días.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de reurbanización do Camiño da Raxeira.

A XGL aprobou este proxecto que permitirá o acceso de veciños restrinxido a residentes a través do calexón que une a Rúa Raxeira con Camiño da Raxeira. Tamén permitirá ampliar o ancho do vial de acceso a garaxes para o paso puntual de dous vehículos pero evitando a aparición de aparcamento de dobre fila de acordo ó demandado polos veciños. O orzamento de licitación desta obra on IVE é de 199.523,71 €.

O prazo de execución é de 60 días.

12.- Proposta do concelleiro delegado da Brigada de Vías e Obras e Servizos Básicos relativa ao cambio de titulariedade dun vehículo camión grúa.

A proposta do Concelleiro de Servizos Básicos a XGL aprobou o cambio de titularidade deste vehículo á vista de que se cumpren os requisitos establecidos no Prego de condicións deste servizo que indican que unha vez amortizado o vehículo, tras dez anos, este pasará a ser de titularidade municipal. Este vehículo está en bo estado e coa Inspección Técnica de Vehículos ó día ata a próxima revisión o 12 de agosto de 2014. Realizado este trámite este camión-grúa pasará o Parque Móbil do Concello.

13.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do expdte de explotación da cafetería ubicada no parque Euxenio Granell no Paxonal.

A XGL de hoxe aprobou a licitación deste servizo. Mediante esta concesión de Bar-Cafetería situada neste parque preténdese proporcionar un lugar de esparexemento que contribúa a satisfacer as necesidades dos cidadáns que acudan a gozar este espazo público, dándolle pois un sitio onde estar e gozar desta zona e do seu ámbito. A concesión realizarase por un prazo de 8 anos con posibilidade de prórroga por outros dous. O concesionario deberá satisfacer un canon mínimo de 2.328,48 €/año. Así mesmo os arranxos que haxa que facer para poñer en marcha a explotación correrán a cargo do adxudicatario.

14.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación do servizo de mantemento,conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano do Concello de Santiago.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible adxudicar o servizo de mantemento,conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano da nosa cidade á empresa CESPAN COMPANÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS S.A. ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas. O orzamento deste adxudicación é o seguinte:

Ano 2014: 2.501.920,64 € IVE incluído.

Ano 2015: 3.411.709,96 € IVE incluído.

Ano 2016: 3.411.709,96 € IVE incluído.

Ano 2017: 3.411.709,96 € IVE incluído.

Ano 2018: 909.789,32 € IVE incluído.

A licitación deste contrato estaba establecida en 3.326.967,39 €/ano. Presentáronse seis empresas.